



Recomendación dirixida ao Concello de Santiago de Compostela a fin de que realice os trámites necesarios, adecuados e proporcionados para que, de conformidade coa lexislación aplicable, se proceda á reposición da legalidade urbanística respecto das obras e usos prohibidos levados a cabo nuns terreos situados na cidade de Santiago de Compostela

Expediente: B.9.Q/4/20

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2020

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por dona ██████████, en data 31 de decembro de 2019.

ANTECEDENTES

No seu escrito, a Sra. ██████████ esencialmente expón que:

“ (...) Teniendo todos los papeles en regla con respecto a la vivienda, y tras la cesión de parte del terreno de mi propiedad al Concello, según estaba establecido en el Plan correspondiente, solicito acceso a la calle para vehículos, según me corresponde, me conceden un vado que pago e instalo y no puedo acceder por dicha puerta de vado.

El motivo es que unos vecinos, que habían cerrado un doble muro ilegalmente, han instalado macetas, un banco atornillado al suelo y diferentes carteles intimidatorios y ofensivos. Asesorados por la policía local que manifiesta que no va a intervenir en el proceso y de la que dudo haya realizado un informe de los muchos incidentes que han tenido con estos vecinos (desde empujones a insultos), a pesar de nuestra solicitud.

Según notificación ██████████ del expediente: ██████████ donde se notifica el derribo del muro y las causas legales que lo respaldan, el Concello no termina de ejecutar los trámites con el Registro para normalizar las irregularidades que claramente detecta por lo que tampoco ejecuta nuestros derechos como corresponde. Dada que hay una sentencia n° ██████████ por la

que corremos especial riesgo en nuestra integridad y esto es así, desde hace años, estamos tratando de que se realicen las correspondientes gestiones para asegurarnos nuestros derechos a vivir con un mínimo de seguridad y honra (que dejan en cuestión por las manifestaciones públicas de estos ilegales).

Unido a esto, señalar que en la zona delantera de mi propiedad, rúa [REDACTED] se ha instalado un vado a todas luces ilegal que nadie retira y que constituye un elemento más de provocación de ilegalidad en las inmediaciones de mi propiedad. (...) “

Ante iso requirimos información a ese concello que xa nola remitiu e da que se desprende que no caso que nos ocupa debemos diferenciar dous aspectos:

1º.- A existencia dun erro no Catastro, consistente en dar tratamento privado a un espazo libre público situado ao oeste da casa sita na rúa [REDACTED], na cidade de Santiago de Compostela, respecto do que o concello entende que procede interpoñer perante o TRIBUNAL ECONOMICO ADMINISTRATIVO REGIONAL reclamación económica administrativa, previa interposición do correspondente recurso potestativo de reposición.

Neste primeiro punto, avaliada a información recibida, tendo en conta que a decisión municipal adoptada e respectando a competencia municipal na súa tramitación, declárase a conclusión do expediente.

2º.- A ocupación por un particular dunha zona libre pública na rúa de [REDACTED], na cidade de Santiago de Compostela, respecto da que o concello entende que procede a incoación dun expediente de reposición da legalidade urbanística

Neste segundo punto, á vista do contido do escrito de queixa e do que se manifesta na información da Administración, cómpre facer as seguintes

CONSIDERACIÓNS

1º.-Segundo se desprende da “ Comunicación a augas de Galicia de ocupación de zona libre e DOMINIO PUBLICO HIDRAULICO”, de data 26 de decembro de 2019, sobre os terreos situados ao oeste da vivenda con referencia catastral [REDACTED] sita na rúa [REDACTED], se teñen realizado obras e usos prohibidos sen constar título habilitante de natureza urbanística, así como contar coas correspondentes autorizacións autonómicas (obras de cerramentos, modificación do réxime de augas e recheos nunha zona libre de cauce de ribeira do Sar) .

2º.- Tendo en conta o anterior e así consta na referida comunicación a Augas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela, entende que procede a incoación dun expediente de reposición da legalidade urbanística .

Por todo o exposto ata agora considérase necesario , en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello Santiago de Compostela a seguinte

RECOMENDACIÓN

Que realice os trámites necesarios, adecuados e proporcionados para que, de conformidade coa lexislación aplicable, se proceda á reposición da legalidade urbanística respecto das obras e usos prohibidos levados a cabo nos terreos situados ao oeste da vivenda con referencia catastral [REDACTED] sita na rúa de [REDACTED], da cidade de Santiago de Compostela

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as

súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(Asinado dixitalmente)